



### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 10 DE XUÑO DE 2015.

#### ASISTENTES:

##### **Alcalde-presidente**

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO( PP)

##### **Concelleiros/as**

D. M<sup>a</sup> CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ( PP)

D.<sup>a</sup> MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.<sup>a</sup> NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO ( PP)

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ÁNXELA GONZÁLEZ CID ( BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

##### **Secretario Xeral**

D<sup>a</sup> Silvia Alonso Fernández

##### **Interventora de fondos**

*No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 14:20 horas do día 10 de xuño de 2015 réunese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.*

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



### **1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** ¿Teñen algo que alegar á acta?, pois entón entendo que se aproba por unanimidade.

Pois damos por concluída a lexislatura ca aprobación da acta e que o futuro sexa moi fructífero para todos, para uns e para os outros e sobre todo para os veciños de Barbadás que é do que se trata e é no que nos encomendamos, que xestionedes ben e que sexades moi felices e que fagades o pobo tamén moi feliz, nada máis, nós, eu como Alcalde realmente pois é unha despedida, as despedidas sempre teñen un tinte non alegre, pero neste caso podó dicir que tanto Manolo coma eu que somos os que nos vamos e o José Antonio, pois que nos vamos, e o Julio, perdón, que nos imos coa sensación de haber cumprido, todo é mellorable, entón pois vós que vides por tras loxicamente ides ver o que é a xestión municipal dende a óptica do goberno, que é diferente coma é normal, cando un está na oposición ten un criterio e cando está gobernando ten outro. Agradecerlles ós grupos políticos e a toda a Corporación pois os seus servizos, a súa colaboración no meu caso como Alcalde e na Corporación que presidín, pois como Corporación e dexearlles loxicamente como dixen ó principio que a xestión sexa frutífera e eficaz e eficiente e que redunde en beneficio de todos que é do que se trata que é para o que nos poñen aquí os cidadáns. Pedir desculpas tamén se en algún momento tiveron algunha palabra que nos lles fora, digamos do seu gusto, do seu agrado, dende logo non foi en ningún momento a miña intención esa, se é que en algún momento foi o de dar algunha, o de facer algunha resposta que non lles gustase, pero dentro do debate, do acaloramento político hai veces que pasa iso, eu penso que fun moderado, nese aspecto pero indubidablemente pois iso téñeno que dicir vostedes, e poñerme a enteira disposición loxicamente a nova Corporación que salga, dos que gobernen e dos que non gobernen no que sexamos de servizo para informar de calquera tipo de cuestión que xurda pois tanto eu como Alcalde, coma os Concelleiros quedan á disposición do que necesiten e nós saibamos e poidamos, e eu creo que non hai máis que dicir, iso desexarlle moita sorte e esperemos que os veciños de Barbadás pois loxicamente se sentan seguro que así é representados e empeza unha nova época, unha nova etapa que indubidablemente que como hixiene democrática é moi interesante e esperemos gozala todos, nada máis e moitas grazas.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Dende o Bloque Nacionalista Galego eu creo que falo polos meus compañeiros, tamén queremos agradecerche a representación que tiveches no Concello estes vinteoito anos, eu creo que ti e os teus compañeiros tivestes maiorías absolutas porque a xente confiaba e vós e vos daba o voto da cidadanía e erades electos democraticamente, polo tanto fostes unha parte moi



importante da historia deste Concello e vos queremos agradecer o traballo que prestastes e os servizos que prestastes a Barbadás, é certo que nós ás veces tivemos intervencións duras e tamén vos quero pedir desculpas se nalgunha destas intervencións miñas ou dos meus compañeiros vos puidemos en nalgún momento pois sobrelimitarnos nas nosas expresións, se o fixemos foi sen ningún tipo de ataque persoal, era só debate político, e desexarvos moitas sorte, agradecervos o voso traballo, que teñades moita sorte na vosa vida persoal, o que pasou no Concello foi debate político, e nada máis que vos vaia ben, e agradecer o voso traballo.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Abundando xa no que dixemos nas Comisións Informativas, na última Comisión Informativa que expresamos as mesmas verbas, cando alguén un partido político ou unha persoa dirixe un concello durante vinteito anos, algo ocorre, algo ocorre bo para esa persoa, para ese grupo político e para os cidadáns, supostamente, co cal hai que transmitir esa gratitude, por ese esforzo que se fixo durante eses anos dentro da discrepancia política que ás veces vai máis alá desa discrepancia. Nós nunca neste grupo fixemos ningunha intervención intentando faltar ó respecto, a mala fe nunca se fixo, intentamos cumprir co noso traballo o mellor que entendemos e sabemos, actuando sempre en beneficio dos veciños, e respectando evidentemente que a vontade democrática de todos eses veciños ó longo deste vinteito anos foi a de apostar polo Partido Popular, e polo señor Freire. A partir de aí non só agradecerlle non só a esta Corporación o traballo que se fixo, senón que houbo outras corporacións ó longo deste anos de vida democrática que tamén puxeron o seu grao de area, para que este Concello fora un Concello mellor, máis grande e máis próspero, grazas a todos eles e grazas a todos vós.

**O sr. García toma a palabra:** Eu podería dicir todo o que dixo Manolo, pero non o vou a repetir, entón desexarvos sorte para os que gobernen, coma para os que estean na oposición ó longo da lexislatura, igual que dixo el, pedirvos perdón se nalgún momento de acaloramento se dixeron cousas que non viñan ó caso, e entón nada máis que teñades sorte todos.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu vou dicir dúas cousas que se me esquecían que é importante como remate, como reflexión, que a min ademais xa non me vai afectar isto. Dado que agora vai haber máis grupos na Corporación, e non sei como será loxicamente, se é como en Ourense, a verdade é moi mal, esperemos que non sexa así, entón unha reflexión como digo simplemente que tratades, e que traten os que veñan, sería o meu desexo de que non se traten de gañar as eleccións nos xulgados, porque é moi triste iso, que se traten de gañar as eleccións como se fixo sempre pois co traballo, pois coa defensa política dos temas, porque dado que agora vai haber televisión, seguramente, non sei se a haberá ou



non, se é como en Ourense seguramente que si, e se acabamos, ou se acabades como se acabou no concello limítrofe do Xulgado cada día a verdade é que iso é moi triste, degrada a imaxe dos políticos, da política e o único que senten as persoas normais é vergonza de estar nisto, entón eu gustaríame facervos esa reflexión, neste caso que vós que estades aquí, pero extrapolala ós demais grupos porque a verdade é que nos últimos anos teñen sido catastrófico, todo ten a súa lóxica evidentemente ninguén discute que se un tema que cree que debe de levalo ó Xulgado que o leve, pero estamos vendo o que está pasando, e se trata de gañar en moitos casos pois as eleccións no xulgados, e ó longo as persoas que sofren realmente son as que realmente pagan as consecuencias independentemente de que salgan absoltos ou non, pero non é agradable porque detrás dun político normalmente hai unha familia, e as familias pásano moi mal neste tipo de temas cando se está demostrando en moitos casos que ó longo non é máis ca iso, denuncia política para foder dito sexa de paso ó que pasa por alí, e que se puxo de moda, e que realmente non é boa cousa nin para a política, nin para os políticos, nin para a sociedade, porque ó longo a xente pois o ver unha persoa no xulgado, pois xa sabemos o que pensa, e pensa de todos o mesmo, iso é unha reflexión simplemente. Moitas grazas.

**Sen máis, sométese o asunto a votación resultando, aprobada por unanimidade o seguinte acordo:**  
**“aprobación da acta da sesión Plenaria de data 04 de maio de 2015”.**

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 14:30 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO



## **CONCELLO DE BARBADÁS**

---

